

RENACEMENTO - CINQUECENTO

OBRA: **DAVID**

ESTILO: Renacemento (Cinquecento) Clasicismo

AUTOR: **MIGUEL ANJO** (1475-1564)

COMITENTE: Signoria de Florencia

CRONOLOXÍA: 1502-1504

LOCALIZACIÓN: Plaza de la Signoria (Florencia)

TIPOLOXÍA: Escultura de vulto redondo

TEMA: Bíblico

MATERIAIS: Mármore

Altura: 4,34 m



ANÁLISE E COMENTARIO

Trátase dun tema relixioso, pero coa influencia do antropocentrismo como amosa a súa desnudez. É considerada como a súa última obra de xuventude e nela aparecen rasgos novos cercanos á *terribilità*. A obra foi encargada pola Signoria de Florencia.

Miguel Anxo tivo que utilizar un bloque usado e deteriorado de mármore de Carrara de máis de 4 metros. Traballou coa técnica extractiva da talla, directamente sobre o bloque, sen utilizar un modelo de escaiola como adoitaban facer outros escultores, limitándose a quitar o que sobra, como o mesmo Miguel Anxo dicía. A talla complétase co pulimentado, co que se reproducen os nervos, pel, músculos...

O canon é longo. Ademais do bloque, condiciona o feito de que en principio estaba pensada para ser colocada no Duomo de Florencia, polo que ten varias correccións ópticas como a cabeza excesivamente pequena.

O tratamento da figura destaca pola anatomía, que é atlética e non de adolescente, como suxire a Biblia, con traballo a trépano dos rizos que crean efectos de claroscuro, e con certas desproporcións entre o brazo dereito moi longo e cunha gran man e co esquerdo en ángulo máis pequeno, e os pés tamén moi grandes. Obsérvase un contraposto, pero con características propias: pernas moi abertas e brazos moi tensionados; a perna esquerda máis ríxida soporta o corpo e a dereita inclínase cara atrás; lixeiro curveo subindo a cadeira e baixando o ombreiro da esquerda.

A composición é aberta a partir dun lixeiro zig-zag entre a cabeza e a súa perna esquerda, que crea un lixeiro retorcemento cara á dereita. Este retorcemento incita ao espectador a rodear a imaxe, abrindo a composición, e dirixe máis a nosa atención cara á cabeza e a súa mirada.

O ritmo da obra é un exemplo do movemento en potencia. Todo o corpo está en tensión: os músculos, tendóns do pescozo, veas da man e a súa mirada co cello fruncido que parece estudar ao rival e adianta o que será a *terribilità*. A súa mirada faínos imaxinar a presenza de Goliath, ao que se dispón a lanzar

a pedra. O artista representa a tensión interior que precede ao desencadeamento da acción, isto é, o movemento en potencia.

A obra que consagra a Miguel Anxo como superador da estatuaria antiga é o *David*. Repítese de novo o uso do espido, como vocabulario básico da obra dun Miguel Anxo mozo. Ademais de constituir unha síntese de beleza helénica, presenta xa unha característica básica na escultura de Miguel Anxo, a “potencialidade”, a preferencia polo momento da expectativa sobre a acción mesma, como se ve na enerxía da súa musculatura robusta, a mirada expectante e segura, o vigor concentrado das mans potentes. Isto e o movemento zigzagante da súa postura preludia o nacemento da tensión manierista.

Presenta o momento de tensión anterior á acción de enfrontarse a Goliat. Sobre o ombreiro esquerdo tenso apoia a honda, caendo o seu extremo á altura da súa man dereita onde vai colocar a pedra mentres calcula co ceño fruncido para que o disparo sexa certo. A diferenza de Donatello, non o representa como un adolescente, senón como un mozo poderoso e atlético. A súa intensa mirada nos leva a pensar que o inimigo está en fronte.

Como no *David* de Donatello, Miguel Anxo pretende tamén actualizar o modelo clásico, pero desde unha posición personal, pescudando unha idea profunda de beleza, non beleza serena e fortaleza (forza autocontrolada), vontade humana concentrada en enerxía vital. Para expresala saca partido do bloque de mármore alto e estreito, do que extrae a forza en potencia do novo héroe, a enerxía que só atopa acomodo na materia deformándoa, alonxándose da proporción na cabeza, pescozo e extremidades, chegando á ruptura do canon clásico.

Rompe tamén coa composición equilibrada mediante o contraposto asimétrico entre a dereita vertical e pechada e a esquerda quebrada e aberta. É o contraste simbólico medieval entre a destra segura baixo protección divina e a sinistra vulnerable ás forzas do mal. O ritmo confronta dúas tensións opostas: centrípeta que prepara o desencadeamento da acción, e outra centrífuga, que ameaza espallarse polo redor. Unha manifestase nos xiros das extremidades cara adentro, a outra na enerxía da mirada ou no cello apertado de vontade contida. A estatua permanece pechada en si mesma, pero a enerxía que desprende anuncia o inminente despregue no espazo e potencia a piques de transformarse en acto, ao que contribue a tensión do modelado (músculos e veas latexan como se baixo a pel corra unha enorme forza vital). No *David*, personaxe da historia xudeo-cristiá, hai moitos significados e interpretacións variadas: evocación do heroe clásico Hércules, personificación das virtudes cívicas da fortaleza e da ira, un home consciente da súa enerxía e dignidade, e mesmo a alegoría da República de Florencia que ven de expulsar aos Médici e recuperar a liberdade política.

O éxito do *David* de Miguel Anxo foi tal que o pobo de Florencia pediu que se lle dese outro destino á escultura. Unha comisión na que participaron, entre outros, Boticelli e Leonardo da Vinci, decidiu un novo emprazamento xunto ao Palazzo Vecchio na praza da Signoria. Hoxe se expón unha copia nese lugar. Tal decisión tomouse nun momento no que os Médici foran expulsados do goberno de Florencia, pasando a ser a escultura un símbolo do triunfo da República e de Florencia, ao representar ao personaxe bíblico que se enfrontou a Goliat vencéndoo, igual que o pobo fixera cos Médici.

A longa vida de Miguel Anxo permitiulle vivir a transformación e os cambios do S.XVI. Dos primeiros anos de mecenazgo do Papado e do pleno clasicismo, pásase á crise espiritual provocada pola Reforma protestante, á intervención de España e Francia no seu intento de influir en Italia e no nomeamento dos Papas, chegando os tercios españois a saquear Roma. Miguel Anxo foi pintor, arquitecto, poeta, pero considerábase sobre todo escultor. Contemporáneo de Rafael e Leonardo, desde moi novo formou parte do círculo de humanistas de Florencia, porén certos cambios políticos farán que se desprace a Roma sendo contratado polos Papas, onde realizará gran parte da súa obra.